


Número de excursións realizadas a Galicia polos residentes en Asturias, León e Zamora

Fonte: Axencia Turismo de Galicia - Área de Estudos e Investigación

O número estimado de excursións¹ totais á comunidade autónoma galega procedentes de Asturias, León e Zamora realizadas por excursionistas maiores de 16 anos en 2017 foi de 1.789.957. Destes, 322.606 excursionistas realizan a viaxe con motivo dun traballo remunerado en destino e 1.467.351 realízana por outros motivos. No gráfico seguinte aprécianse as variacións dos excursionistas nas diferentes categorías ó longo dos anos.

Volumen de excursionistas entre os anos 2011 e 2017



Tendo en conta a perspectiva de xénero, en 2017 estímase que o 69,5 % dos excursionistas maiores de 16 anos foron homes, e destes o 77,2 % levaron a cabo a excursión por un motivo diferente ao dun traballo remunerado en destino. No caso das mulleres representan ao 30,5 % dos excursionistas, e as que viñeron por un motivo distinto dun traballo remunerado en destino representan o 87,5 %.

O 15,8 % do total de excursións son realizadas por homes co motivo dun traballo remunerado en destino, mentres que esta porcentaxe é do 3,8 % para o caso das mulleres. O 53,6 % das excursións realizadas son de homes que o fan por motivos diferentes ao dun traballo remunerado en destino, mentres que para o caso das mulleres a porcentaxe representa o 26,7 % do total de excursións realizadas.


¹ Unha excursión é cada un dos desprazamentos que un individuo residente nunha das provincias limítrofes (Asturias, León ou Zamora) realiza dende o seu lugar de residencia a Galicia, non pasando a noite na comunidade galega. Cada unha das excursións realizadas contabilízase como un excursionista.

A distribución respecto ao lugar de procedencia do total de excursións reflíctese na seguinte táboa.

Zona	Visitas totais	Resto de motivos	Visitas medias
Asturias Centro	259.343	246.545	2,0
Asturias Occidente	989.501	848.828	6,5
Asturias Oriente	3.596	3.596	1,0
El Bierzo	284.771	195.302	3,2
Resto León	139.256	139.256	2,9
Resto Zamora	98.830	19.164	3,8
Sanabria	14.660	14.660	2,9

No gráfico seguinte amósase a estimación da evolución das visitas durante o ano, tanto das que son por motivo dun traballo remunerado en destino como das que son por outros motivos.

Volume de excursionistas ao longo do ano 2017



O gasto total realizado polos excursionistas procedentes das provincias limítrofes a Galicia no ano 2017 foi de 151.972,7 miles de euros, cun gasto medio diario de 84,9 euros. Na seguinte táboa preséntase un desglose do gasto total, expresado en miles de euros, en función do concepto do mesmo:

Concepto	Gasto total	Gasto medio
Restauración	46.562,7	26,0
Compras	55.216,1	30,8
Supermercados	29.879,8	16,7
Vehículo propio	14.932,8	8,3
Outros transportes	325,3	0,2
Ocio	3.241,3	1,8
Outros gastos	1.814,6	1,0